



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 14 de xuño de 2022 (1234/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(464).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(465).- ADXUDICACIÓN DO LOTE 2 DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS" PARA EVENTOS DE PEQUENO FORMATO EN DIFERENTES LOCALIZACIÓNS E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 9280/335.**

Visto o informe de fiscalización de data 14/06/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro: Declarar a urxencia na tramitación do presente expediente. A urxencia ven motivada na necesidade de contratar na maior brevidade posible o servizo, toda vez que resultan indispensable para o desenvolvemento do Programa Vigo en Festas de Verán 2022, cuxo inicio se prevé, segundo o programa aprobado (nº 9197/335) o 2 de Xullo (LOTE 1) e o 10 de Xullo LOTE 2.*

*Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade por tramitación urxente do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos.*

*Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 6 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 6 de xuño de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.*

*Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 640.659,39 €, sendo o valor estimado do contrato de 529.470,57 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" do programa orzamentario do Servizo de Festas.*



## Concello de Vigo

*O orzamento desglosado para cada LOTE:*

- Lote 1: 202.655,56 €

- Lote 2: 438.003,83 €

*A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:*

- 606.207,94 € (94,46% para o ano 2022)

- 34.451,45 € (5,54% para o ano 2023)

*A distribución por anualidades (con IVE) de cada LOTE é a seguinte:*

**LOTE 1**

- 168204,11 € (83% de 202655,56 €) para o ano 2022 (20 eventos Tipoloxía I e 4 eventos Tipoloxía II)

- 34451,45 € (17% de 202655,56 €) para o ano 2023 (6 eventos Tipoloxía I)

**LOTE 2**

- 438003,83 € (100%) para o ano 2022

*Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** O 6 de xuño de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U e INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., concedéndolles un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** O 8 de xuño de 2022 SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U e INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., presentaron a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 8 de de xuño de 2022, reúnen a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir as ofertas presentadas polos licitadores invitados a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal, e dado que os dous licitadores presentaron a documentación esixida na cláusula 13.7 do PCAP, foron admitidos na licitación e procedeuse á apertura do sobre B “MATERIAS OBJETO DE NEGOCIACIÓN”, segundo o previsto na cláusula 14.3., do que se deu traslado ao servizo xestor.

Con data do 9 de xuño a xefa do Servizo de Festas emitiu informe de valoración do sobre B que foi notificado o mesmo día aos dous licitadores para os efectos de que puidesen mellorar as súas ofertas en cumprimento do previsto na cláusula 14.4 do PCAP.

Dentro do prazo concedido SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. e INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. presentaron o 9 de xuño de 2022 sendos escritos nos que se ratificaron nas ofertas xa presentadas (documentos nº 220126195 e 220126053, respectivamente). Estes escritos foron remitidos ao servizo xestor.

Con data do 10 de xuño de 2022 a xefa do Servizo de Festas emite informe no que conclúe *“Considéranse que as ofertas achegadas cumpren os mínimos requiridos no Prego de Prescricións técnicas Particulares e polo tanto son APTAS, se da por concluída a negociación e pode continuarse coa tramitación do procedemento”*.

O 10 de xuño de 2022 reúnense a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), de conformidade coa cláusula 14.7 do PCAP, para a apertura do “SOBRE C: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN”.

Tras a apertura e, de conformidade coa cláusula 14.7 do PCAP solicitouse ao servizo xestor a emisión do informe de valoración do Sobre C.

O mesmo día a xefa do Servizo de Festas emite informe de valoración do Sobre C no que se indica que as ofertas admitidas non conteñen valores anormais ou desproporcionados e se recolle a clasificación por orde decrecente.

Con data do 13 de xuño de 2022 a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local, adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos na seguinte orde decrecente:*

- Lote 1: Produción técnica de soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	100 puntos
2	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	36,89 puntos

- Lote 2: Produción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	100 puntos
	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	26,13 puntos

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, AC SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) (B-27.793.728) e INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lote 2) (B-81.034.522), para que presenten, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP (cláusula 8 do PCAP) e a esixida na cláusula 17.2 do PCAP:*

- A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.C das FEC.*



## Concello de Vigo

- *Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 25.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

O 14 de xuño de 2022 INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. presentou a documentación requirida, que é correcta, polo que procede formular proposta de adxudicación o seu favor do lote 2.

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada por INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o lote 2 deste contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 8 e 10 de xuño de 2022 de apertura dos sobres A e B, de apertura do sobre C e de proposta de clasificación.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.(B81034522) o Lote 2: Produción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos (9.280-335) coas seguintes condicións:*

*1º. O prezo máximo do lote é de 438.003,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 76.017,19 euros e cos seguintes prezos unitarios con IVE:*

<b>Referencia</b>	<b>Concepto</b>	<b>Prezo unitario</b>
6.3.1.1	Acondicionamento do escenario / WI-FI/Consumibles	1.987,06 €/ud
6.3.1.2	Infraestruturas	14.514,20 €/ud
6.3.1.3	Valos	5.435,27 €/ud
6.3.1.4	Extintores	26,50 €/ud
6.3.1.5	Cabinas sanitarias móbiles (UNE-EN 16194)	494,89 €/ud
6.3.1.6	Casetas, consigna e sala de prensa	861,06 €/ud
6.3.1.7	Pantallas de LEDS	33.755,65 €/ud
6.3.1.8	Mobiliario	2.914,35 €/ud
6.3.1.9	Outra maquinaria e equipamentos	119,22 €/ud
6.3.1.10	Liñas de Vida	133,79 €/ud
6.3.1.11	Cadeiras de plástico ou madeira, colocadas	1,72 €/ud
6.3.1.12	Sistema de emerxencia	2.252,00 €/ud
6.3.1.13	Acometidas eléctricas	9.007,72 €/ud
6.3.1.14	Certificación de cargas de la cuberta	596,12 €/ud
6.3.1.15	Linóleo	5,29 €/m <sup>2</sup>
6.3.1.16	Servizo de comunicación interna	7,94 €/ud
6.3.1.17	Concha Acústica	794,82 €/ud
6.3.1.18	Mobiliario Escenario	529,88 €/ud
6.3.1.19	Moqueta	4,63 €/m <sup>2</sup>
6.3.1.20	Delay	463,65 €/ud
6.3.2.1.1	Coordinador de Produción	633,74 €/xornada completa
6.3.2.1.2	Responsable de backstage	539,50 €/xornada completa



## Concello de Vigo

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.3.2.1.3	Coordinador de vixiantes e auxiliares de organización e porteiros	351,04 €/xornada completa
6.3.2.2.1	Coordinador de Producción	633,74 €/xornada completa
6.3.2.2.2	Persoal oficial montaxe altura	28,96 €/h
6.3.2.2.3	Persoal auxiliar montaxe en altura	25,20 €/h
6.3.2.2.4	Persoal Auxiliar de montaxe	21,20 €/h
6.3.2.2.5	DUE + Botiquín	62,66 €/h
6.3.2.2.6	Plantón diúrno	20,70 €/h
6.3.2.2.7	Vixiante nocturno uniformado	24,23 €/h
6.3.2.2.8	Oficial Electricista	25,20 €/h
6.3.2.2.9	Persoal de limpeza	15,44 €/h
6.3.2.2.10	Riggers / persoal utilización PEMP	362,00 €/xornada completa
6.3.2.3.1	Responsable de persoal	351,04 €/xornada completa
6.3.2.3.2	Persoal Auxiliar de montaxe	21,20 €/h
6.3.2.3.3	Oficial Electricista	25,20 €/h
6.3.2.3.4	Conductor de Carreta elevadora	22,88 €/h
6.3.2.3.5	Riggers / persoal utilización PEMP	362,00 €/xornada completa
6.3.2.3.6	Plantón diúrno	20,77 €/h
6.3.2.3.7	Vixiante nocturno uniformado	24,23 €/h
6.3.2.3.8	Persoal de limpeza	15,44 €/h
6.3.2.3.9	Auxiliares Organización	20,41 €/h
6.3.2.3.10	Porteiros vixiantes uniformados	24,23 €/h
6.3.2.3.11	Persoal Consigna	20,41 €/h
6.3.2.3.12	Persoal de mantemento	25,20 €/h
6.3.2.3.13	Realizador	370,91 €/xornada completa
6.3.2.3.14	Operadores de cámara	276,86 €/xornada completa
6.3.2.3.15	Auxiliar de vídeo	276,86 €/xornada

Referencia	Concepto	Prezo unitario
		completa
6.3.2.3.16	DUE + Botiquín	62,66 €/h
6.1.3.1	Catering técnicos e Protección Civil	198,70 €/ud

2º. Propón unha experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico, a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (2 anos):

- Coordinador/a de produción **15** anos.
- Responsable de backstage (state manager) **15** anos.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(466).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO” (PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU). EXPTE. 1200/441.**

Visto o informe de fiscalización do 14/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación:

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU) (1.200-441)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011





## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU) (1.200-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25.03.2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “DOCE MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SEIS MIL CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS” (12.676.048,79 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.199.975,41 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6090063 “FRTR-EU ACCESO S.AVENDAÑO V.NORTE”. Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:*

2022	2.770.489,89 €
2023	9.905.558,90 €
TOTAL	12.676.049,79 €

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 357,54%.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU) (1.200-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A.	90,03
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	89,43
3	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXTRACO, CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.	81,25

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. (A-28.019.206 e A-36.614.691, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A., o día 3 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 13 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 30 de maio e 2 de xuño de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar á UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. (A-28.019.206 e A-36.614.691, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU) (1.200-441) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 12.561.964,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.180.175,63 euros.*
- b) *Propón as seguintes melloras:*
  - *MELLORA DE CERRAMENTO EN VIDRO (PM1). Cuantificada en 1.024.583,84 euros (PEM)*
  - *MELLORA EN PAISAXISMO (PM2). Cuantificada en 42.893,33 euros (PEM).*
  - *SISTEMA DE INSTRUMENTACIÓN E MONITORAXE ESTRUTURAL (PM3). Cuantificada en 34.716,74 euros (PEM)*
  - *IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE AVALIACIÓN DE INDICADORES (PM4). Cuantificada en 122.300,00 euros (PEM)*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e vinte minutos. Como secretario dou fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez